



RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE AXUDAS A CENTROS PRIVADOS CONCERTADOS PARA A CONTRATACIÓN DE AUXILIARES DE CONVERSA COA FINALIDADE DE MELLORAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO EN LINGUAS ESTRANXEIRAS

A Orde da Consellería de Cultura, Educación e Universidade do 29 de decembro de 2021, publicada no DOG do 21 de xaneiro de 2022, regula o réxime de axudas a centros privados concertados para a contratación de auxiliares de conversa coa finalidade de mellorar a competencia lingüística do alumnado en linguas estranxeiras.

Unha vez rematada a valoración das solicitudes pola Comisión de Valoración, de conformidade co establecido no artigo 12 da devandita Orde,

RESOLVO

Primeiro-. Publicar no portal educativo www.edu.xunta.gal a proposta de resolución definitiva dos centros beneficiarios, non beneficiarios e excluídos das axudas e a cantidade asignada a cada centro educativo (Anexo I).

Segundo-. A resolución definitiva será ditada polo conselleiro de Cultura, Educación e Universidade e publicarase no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal>) e no *Diario Oficial de Galicia* no prazo máximo de tres meses, contado desde o remate do prazo de solicitude.

Terceiro-. 3. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou, directamente, un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, e ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme os artigos 10, 14 e 46.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

M^a Eugenia Pérez Fernández

Subdirectora xeral de Innovación, Orientación e Formación de Recursos Humanos

